

REGULAMENTO

Artigo 1- A Comisión Organizadora do V Congreso é a responsable do desenvolvemento do mesmo. Designará unha persoa responsable que resolverá as dúbidas que se poidan presentar na celebración do mesmo.

Artigo 2- O V Congreso desenvólvese en dúas fases: pleno e comisións.

Artigo 3- A participación no V Congreso terá dúas modalidades: congresistas (representantes das comunidades de montes, con voz e voto no pleno e nas comisións) e convidado/as (os restantes, con voz aí nas comisións).

Artigo 4- A mesa do pleno e as mesas das comisións estarán compostas por: presidente/a, secretario/a e moderador/a. Serán nomeadas pola Comisión Organizadora.

Artigo 5- O número de comisións será decidido pola Comisión Organizadora. En cada comisión haberá representantes de comunidades de montes de todas as zonas de Galicia. O mesmo criterio seguirase para os convidado/as.

Artigo 6- As achegas ao trabo dos relatores poderán ser totais ou parciais. Poderán ser presentadas por escrito ou oralmente, debéndose en primeiro lugar as presentadas por escrito.

Artigo 7- Os debates das achegas nas comisións realizaranse en dúas quendas de palabra. Na primeira quenda comezará o promotor/a, logo os asistentes que o soliciten e logo a mesa. Na segunda quenda tomará primeiro a palabra o promotor/a e rematará a mesa. De seguido someterase a votación.

Artigo 8- As achegas aprobadas nas comisións pasarán a debate ao plenario. Os dos representantes das comunidades de montes serán defendidas polo promotor/a. As dos convidado/as serán presentadas pola mesa da comisión respectiva.

Artigo 9- Os debates das achegas no pleno tamén terán dúas quendas de palabra. Comezará o promotor ou a mesa da comisión e rematará a mesa do pleno. De seguido someterase a votación.

Artigo 10- Tanto no plenario como nas comisións, os acordos tomaranse por maioría simple.

Artigo 11- Por mor de salzar os debates, pégase que as achegas sexan de contido e non de forma.

Artigo 12- A participación do V Congreso implica a aceptación do seu regulamento.

Artigo 13- A Comisión Organizadora do V Congreso tratará de editar o libro do mesmo. Neste caso será enviado aos congresistas e aos convidado/as participantes.

V CONGRESO GALEGO de COMUNIDADES DE MONTES

Monte veciñal: Organización e Xestión

10 maio 2014

Pazo da Deputación Lugo

PRESENTACIÓN

Estes últimos anos, no tocante aos montes veciñais en man común, caracterizáronse polo intento dos intereses capitalistas, especuladores e urbanísticos de arañarlle todo tipo de protección ambiental a estas titularidades comunitarias e por privatizar, senón a propiedade, cando menos a xestión dos montes veciñais.

De feito, todo o aparello normativo promulgado nestes últimos catro anos (leis, decretos, ordes, listas de axudas...), van nesa dirección. Se cadra, a mais salientable de toda esta normativa agresiva para os montes veciñais, foi a Lei de Montes de Galicia. Mediante esta normativa e baseándose nas falsas declaracións que atribúen aos montes veciñais conveniados ou consorciados, pretenden arrebatarlle a xestión dos mesmos aos comúneiros para entregarllos de balde ás empresas forestais privadas. Mediante esta Lei de Montes que só eles aprobaron, 250 mil has. de monte veciñal deixaran de estar xestionadas polas comunidades de montes.

Ante esta normativa hostil e agresiva cara o monte, os comúneiros/as temos que facerlle fronte e buscar respostas. Entre estas respostas están a posta en valor das nosas terras comunitarias de xeito multifuncional e sustentable desde a óptica da xestión comunitaria dos recursos e a organización da veciñanza comúneira nas propias comunidades de montes, nas mancomunidades e a nivel galego, e tamén en alianza con outras entidades que viven, traballan e xestionan o medio rural.

Todas estas cuestións someteranse a debate no V Congreso Galego de Comunidades de Montes, no que se discutirán 2 Relatores: "A política de montes actual" e "Organización e xestión comunitaria dos recursos". Mais para acadar as conclusións necesarias, é preciso que os veciños e as veciñas sexan os protagonistas deste encontro.

Quedades todas e todas convidado/as a participar.

PROGRAMA

Sábado 10

- 09,30 h - Recepción dos congresistas e convidado/as. Entrega de documentación.
- 10,00 h - Acto de apertura.
 - Presidente da ORGACCMM
 - Presidente da Deputación de Lugo
- 10,30 h - Debate en comisión do 1º Relatorio.
- 12,00 h - Debate en comisión do 2º Relato
- 13,30 h - Xantar.
- 16,00 h - Aprobación en Plenario do 1º e 2º Relatorios.
- 17,30 h - Acto de Clausura.
 - Saúdo dos convidado/as.
 - Reforcemento á Comunidade de Montes de Salcedo (Pontevedra), pola defensa do seu monte veciñal.
 - Resolución para declarar o día 22 de xaneiro como "Día da loita da veciñanza comúneira".
 - Lectura das conclusións do V Congreso ao cargo do Presidente do mesmo.
 - Discurso de clausura a cargo de Mar Pérez Fra, economista e profesora da Escola Politécnica de Lugo (Universidade de Santiago de Compostela).
- 19,00 h - Asemblea Xeral Extraordinaria da ORGACCMM.
 - Punto único:
 - Elección da nova Xunta Reitora.

Organiza:



Colaboran:

